



TÉCNICAS DE ESTUDIO: O MÉTODO DE ESTUDO

O método de estudio que utilizemos á hora de estudar ten unha importancia decisiva xa que os contidos ou materias que vaíamos estudar por si sos non provocan un estudio eficaz, a non ser que busquemos un bo método que nos facilite a súa comprensión, asimilación e posta en práctica.

É fundamental a **Orde**. É vital adquirir uns coñecementos, de maneira firme, sistemática e lóxica, xa que a desorganización dos contidos impide a súa doada asimilación e esquecemos con facilidade.

Recomendacións para deseñar un bo método de estudio.

1. Organización do material de traballo. "Cada cousa no seu sitio e un sitio para cada cousa"
2. Distribuír o tempo de forma flexible, adaptada a cambios e a circunstancias.
3. Ter en conta as dificultades concretas de cada materia.
4. Descubrir o ritmo personal de traballo
5. Ser realista e valorar a capacidade de comprensión, memorización,...
6. Comezar polos traballos máis difíciles e deixar os máis doados para o final.
7. Memorizar datos, enténdelos e fixalos.
8. Non estudar materias que poidan interferirse: Ex, vocabulario de inglés co de alemán.

O **método** que aquí vos propono consta de sete fases que ao longo das distintas sesións iremos analizando e practicando:

1. Prelectura
2. Notas á marxe
3. Lectura comprensiva
4. Subliñado
5. Esquema
6. Resumen
7. Memorización



Prelectura:

A prelectura é ese primeiro vistazo que se lle dá a un tema para saber de que vai e sacar así unha idea xeral deste. Idea que frecuentemente vén expresada no título.

Convén facela o día anterior á explicación do profesor pois así serviranos para comprendelo mellor e aumentará nosa atención e interés na clase.

Lectura comprensiva:

Consiste en ler detidamente o tema enteiro. As palabras ou conceptos que se descoñezan buscaranse no dicionario ou na enciclopedia.

As notas á marxe:

Son as palabras que escribimos ao lado esquerdo do texto e que expresan as súas ideas principais. Ás veces veñen explícitas outras teremos que inventalas.

O subliñado:

Consiste en poñer unha raia debaixo das palabras que consideramos máis importantes dun tema.

O esquema:

Trata de expresar gráficamente e debidamente xerarquizadas as diferentes ideas dun tema. É a súa estrutura. Existen diferentes tipos de esquemas.

Resumen:

É extraer dun texto todo aquilo que nos interesa saber e queremos aprender. Escíbese o subliñado engadindo as palabras que faltan para que o texto escrito teña sentido.

Memorizar:

É grabar na memoria os coñecementos que queremos posuír para despois poder recordalos.